
PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NA UDC

(CURSO 2025/2026)

1. Obxectivos
2. Colectivos obxecto do programa
3. Achegas do programa
4. Período do préstamo
5. Condicións do préstamo
6. Actividades formativas e divulgativas
7. Taxas
8. Pagamento
9. Características das bicicletas da UDC

1. Obxectivos

A Universidade da Coruña (UDC), consciente da necesidade de incorporar a ética da sustentabilidade a toda a súa actividade, pretende fomentar a responsabilidade do coidado do medio ambiente pola comunidade universitaria. Os desprazamentos sustentables en detrimento do coche particular é un dos obxectivos marcados pola UDC.

Por tal razón, e tras a experiencia positiva de cursos anteriores, a UDC fai pública a convocatoria do Préstamo de bicicletas para o curso 2025-2026.

O obxectivo deste programa é o de promover o emprego da bicicleta como vehículo sostible, facilitando o acceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma para desprazarse aos centros universitarios.

As persoas interesadas teñen a posibilidade de elixir entre bicicletas convencionais, pregables e eléctricas (características de cada unha na última páxina deste documento).

2. Colectivos obxecto do programa

O préstamo de bicicletas vai dirixido a comunidade universitaria da UDC: Estudiantado, PDI, PTXAS, PEC. En todos os casos, as persoas beneficiadas deberán ter vinculación coa UDC durante todo o período de préstamo.

3. Achegas do programa

O programa de préstamo de bicicletas comprométese coas persoas participantes a:

- Dotación dunha bicicleta con luces e casco (entregarase cadeado so até esgotar existencias).
- Durante os meses nos que o préstamo estea activo, a Oficina de Sustentabilidade da UDC informará das actividades organizadas para o fomento do uso da bicicleta.
- Resolución de dúbidas das persoas usuarias, mediante o correo-e: bicis@udc.es

4. Período do préstamo

- A previsión de reparto das bicicletas será o día **17 de setembro de 2025**, sen prexuízo de cambio por necesidade xustificada. Habilitarase un segundo reparto o día 24 para as bicicletas pendentes. As persoas adxudicadas serán avisadas a través do correo-e persoal da UDC.
- O período de préstamo esténdese desde o día de entrega de 2025 ata o 17/07/2026. Facilitarase un formulario con varias datas de devolución xa desde o mes de maio, datas ás que as persoas ciclo-usuarias deberán axustarse. As persoas que xustifiquen vinculación laboral coa UDC no verán, poderán dispor da bicicleta ata a primeira semana de setembro de 2026.
- As persoas sen vinculación laboral coa UDC no verán poderán ampliar a data de préstamo durante o mes de agosto. As persoas interesadas deberán poñerse en contacto coa Oficina de Sustentabilidade e deberán cubrir unha solicitude que lles será facilitada para xustificar a súa petición. A Oficina de Sustentabilidade avaliará cada solicitude e a validará, de ser o caso.
- A devolución tamén poderá ter lugar ao longo do curso e antes do 17/07/2026, por iniciativa da persoa usuaria, en data acordada coa OdS-UDC.
- En caso de renuncia ou baixa das persoas ciclo-usuarias durante o curso, seguirase a orde da lista de agarda para ser adxudicada/o con bicicleta, que será comunicado a través do correo-e persoal da UDC.
- Se a vinculación da persoa ciclo-usuaria coa UDC finaliza antes do período de cesión establecido, terá a obriga de poñelo en coñecemento da OdS-UDC con antelación de polo menos 15 días para concertar momento de devolución da bicicleta.

5. Condicións do préstamo

- Terán preferencia para o préstamo de bicicleta na modalidade eléctrica as persoas non beneficiarias do mesmo durante o curso 2024/2025. Reservaranse un mínimo do 40% de unidades para cada un dos dous colectivos, alumnado e PDI/PTXAS/PEC.
- O pagamento realizarase a través de UDC XEST para todos os tipos de bicicletas. No caso de solicitar o préstamo de bicicleta eléctrica, o proceso de pagamento será en dúas etapas: Primeira (1ª), a etapa de solicitude, e segunda (2ª), unha vez comprobadas as anteriores condicións, contarase con 48h. para formalizar o pagamento.

- No caso de non realizar o pagamento en tempo, a persoa solicitante perderá a súa quenda e entenderase que renuncia á súa solicitude.
- O préstamo das bicicletas da UDC realizarase en forma de cesión, facéndose cargo cada persoa usuaria da súa custodia e coidado durante o período establecido.
- A adxudicación das bicicletas farase por orde de pagamento até esgotar as unidades existentes de cada tipo.
- Ao remate do período de pagamento, farase pública a listaxe de persoas ás que se lle cede a bicicleta durante o curso 2025/2026, e ficará dispoñible na web da OdS-UDC: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/.
- Para ser adxudicada/o con bicicleta da UDC, deberá facerse efectivo o pagamento da taxa indicada polo servizo dentro do prazo establecido, seguindo as instrucións da pasarela de pago [UDC XEST](#) de pago telemático.
- Unha vez feito o pagamento, a persoa será adxudicada con bicicleta da UDC e recibirá as instrucións para a formalización do reparto das bicicletas no seu correo-e da UDC.
- A bicicleta deberá ser recollida persoalmente no lugar e data que se indicarán no correo-e informativo.
- As persoas beneficiarias acreditarán a súa identidade (mediante DNI ou equivalente) no momento da recollida da bici.
- As persoas adxudicadas asinarán, o día da entrega da bicicleta, un contrato de cesión onde se comprometen a facer uso da bicicleta para a finalidade prevista, e a devolvela, xunto a casco e complementos, nas datas indicadas e en perfectas condicións de uso.
- É enteira responsabilidade da persoa usuaria facer un uso correcto da bicicleta, polo que **a UDC non se responsabiliza de ningún prexuízo que de tal uso se poida derivar.**
- A persoa usuaria é a única responsable da bicicleta e dos seus complementos prestados, así como dos danos que polo seu uso poida causar a si mesmo, a terceiros ou a calquera ben moble ou inmobile como consecuencia da utilización normal ou anormal do servizo, quedando a UDC exonerada de calquera responsabilidade; por tanto, recoméndase á persoa usuaria a subscripción dun seguro que lle cubra ante calquera eventualidade.
- En caso de perda, roubo, sinistro ou subtracción a UDC resérvase o dereito a esixir o reintegro do valor actual da bicicleta e do resto de material prestado, considerando os anos de vida útil transcorridos.
- As persoas participantes comprométense a cumprimentar unha enquisa do Servizo ao comezo e outra ao final do período de préstamo.
- O arranxo de avarías non debidas a defectos iniciais da bicicleta, así como a reposición daqueles elementos danados ou perdidos, correrá a cargo das persoas usuarias.

6. Actividades formativas e divulgativas

- A UDC porá a disposición material informativo (vía web) sobre as normas básicas de seguridade a ter en conta para desprazarse en bicicleta pola cidade, así como de rutas recomendadas Campus-Cidade.
- No momento da convocatoria xeral de entrega da bicicleta realizarase unha xornada de formación sobre ergonomía, circulación segura e mantemento básico da bicicleta.

7. Taxas

- Establécense as seguintes taxas segundo a modalidade de bicicleta:
 - (a) Bicicletas convencionais: **10€ alumnado, 20€ persoal** PTXAS, PDI, PEC.
 - (b) Bicicletas pregables: **20€ alumnado, 40€ persoal** PTXAS, PDI, PEC.
 - (c) Bicicletas eléctricas: **50€ alumnado e 90€ persoal** PTXAS, PDI, PEC.
- A taxa aboarase a través da pasarela de pago [UDC XEST](#).
- A taxa non se devolverá no caso de renuncia adiantada por parte da persoa usuaria.
- Aínda que o período de cesión se vexa reducido en tempo, a taxa permanecerá íntegra sen posibilidade de redución proporcional (p.ex. lista de agarda).
- A taxa de PTXAS, PDI e PEC non se verá reducida a taxa de alumnado aínda que tamén se teña esa condición.

8. Pagamento

- Todas aquelas persoas que estean interesadas en participar no préstamo de bicicletas deberán formalizar o pagamento a través da pasarela de pago telemático [UDC XEST](#), que lle dará acceso ao uso durante o período de cesión especificado.
- Para ser adxudicada/o con bicicleta da UDC, deberá facerse efectivo o pagamento da taxa indicada polo servizo dentro do prazo establecido.
- Só serán admitidos os pagamentos ata completar o nº de bicicletas dispoñibles en cada modalidade.
- Unha vez cubertos os pagamentos de bicicletas dispoñibles, é posible anotarse na lista de agarda: en caso de que haxa algunha renuncia ou devolución antes de tempo, correrá a lista de agarda e contactarase vía correo-e da UDC para facer o pagamento nese momento.
- PRAZO DE PAGAMENTO ABERTO **DO 10 AO 20 DE SETEMBRO DE 2025**.

Todas aquelas persoas que estean interesadas en dispor dunha bicicleta da UDC en préstamo para o curso 2025/2026 deberán realizar o pagamento **entre o 10 e 20 de setembro de 2025** a través da plataforma de pagamento UDC XEST dispoñíbel na seguinte ligazón:

PAGAMENTO BICICLETA UDC CURSO 2025/2026

O parque de bicicletas da UDC conta no curso 2025/2026 cunhas 100 unidades de cinco modelos diferentes, que se reparten para os campus da Coruña e Ferrol. Unha vez esgotado o nº dispoñible, non será posíbel rexistrar o pagamento e a persoa poderá anotarse en lista de agarda.

Todas as dúbidas sobre a convocatoria poderán facerse:

- Vía correo-e: bicis@udc.gal (preferentemente)
- Vía telefónica: 981 167 000 Ext. 5626

9. CARACTERÍSTICAS DAS BICICLETAS DA UDC



GOTTY ALEGRE PASEO 28"

Cadro: 28" Aluminio 7005. Suspensión dianteira
Cambio: Shimano TX-30 21v (21 velocidades)
Bielas: Shimano aceiro
Piñón: Shimano Revo Shift 7v
Manillar: altura regulable
Sillín con suspensión
Llanta: dobre parede
Gardalamas: dianteiro e traseiro
Portabultos traseiro, cesta dianteira, timbre
LUCES: Dianteira e traseira, a pilas.



GOTTY TOP-26 PASEO 26"

Cadro: 26" Aluminio
Cambio: Shimano TX-30 6v (6 velocidades)
Piñón: Shimano Revo Shift 6v
Freos: V/Brake AL
Manillar: aluminio, altura regulable
Sillín con cerre rápido
Llanta: dobre parede AL cubertas 26x1.75
Gardalamas: dianteiro e traseiro
Portabultos traseiro, cesta dianteira, timbre
LUCES: Dianteira e traseira, a pilas.



CONOR DENVER 20" (6V), CONOR AUTUM 20" (8V), PREGABLES

Dimensións pregadas: 860x680x450mm
Cadro: 20" aluminio con imán
Cambio: Shimano Altus 6 velocidades (Denver) / 8 velocidades (Autum)
Freos: V-Brake aluminio
Piñón: Shimano HG200
Cubertas: 20"x1.75 Road Cruiser
Manillar: Aceiro 25,4mm
Llanta: aluminio Conor dobre parede
Gardalamas dianteiro e traseiro, portabultos e timbre
LUCES: Dianteira e traseira, Eltin E12042 batería carga USB



SK8 URBAN BEETLE 16", ELÉCTRICA

Bicicleta con 5 niveis de asistencia ao pedalado
Tamaño despregada: 136 x 105 x 56 cm
Peso 15,5 kg. Cadro de aluminio
Sistema de freo intelixente. Freos mecánicos V-brake
Pregado ultra compacto sinxelo en 5 segundos
Manillar axustable en altura
Luz LED dianteira
Gardalamas dianteiro e traseiro
Pata de cabra, timbre
Batería Li-ion de 36V, 7.8 Ah recargable en 3 h.
Motor 36V – 250W DC
Autonomía de 30-40 km*
Velocidade máxima 25 km/h asistencia motor eléctrico
**En función do uso da asistencia eléctrica, do peso da persoa, superficie de rodamento e % inclinación do terreo.*